

○ INFORMACIÓN

Asociación Sociocultural Trebellos

Correo electrónico: asculturaltrebellos@gmail.com

Teléfono/WhatsApp: 644548064

Horario de atención: de luns a venres de 12.00h a 14.00h ou de 17.00h a 19.00h.

○ INSCRICIÓN

O prazo de inscrición para o campamento comezará o día 8 de xuño as 17 horas e rematará o venres 16 de xuño as 20 horas.

As inscricións deberán ser depositadas na Ludoteca Municipal de Moaña (Rúa Ramón Cabanillas nº18, Moaña, Pontevedra).

A participación no campamento de verán 2023 realizarase mediante inscrición individual.

As fichas de inscrición poderán descargarse tanto na páxina do concello como ao final deste documento ou recollelas na Ludoteca Municipal de Moaña.

As inscricións realizaranse de xeito manual, debendo ser entregadas nas datas correspondentes e nos lugares habilitados para dito fin.

○ SERVICIOS OFERTADOS

As crianzas participantes disporán dos seguintes servizos:

- Programa de actividades de carácter lúdico, sociocultural e formativo, que posibilite a inclusión de todas as crianzas.
- Material necesario para a realización de todas as actividades.
- Equipo técnico especializado en actividades de ocio e tempo libre. No caso de persoas con necesidades específicas de apoio educativo que por razón da súa condición precisen apoio, disporase de persoal que conte coa formación e experiencia para atender as súas necesidades.

○ DATAS E HORARIOS

O campamento de verán realizarse dende o día 26 ao 30 de xuño de 2023.

O horario será de 9 h a 14 h. Podendo ser ampliado este dende as 8 h ata as 15 h, para aquelas familias que precisen conciliación.

- **PARTICIPANTES**

Para poder participar no campamento de verán 2023 as crianzas deben ter nacido entre os anos 2019 (ter cursado 4º de EI) e 2015 (ter cursado 2º EP).

- **PERSOAS CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo)**

As persoas con NEAE recoñecida poderán participar nesta convocatoria cumprindo o requisito de facer constas a súa condición no apartado que figura no formulario de inscrición e achegar o informe médico correspondente, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisara.

- **ADXUDICACIÓNS DE PRAZAS**

A adxudicación das 35 prazas ofertadas será por rigorosa orde de inscrición.

A lista de admitidos publicarase o día 19 de xuño na páxina web do Concello de Moaña <https://concellodemoaana.org>. Tamén se procederá a informar de forma telefónica a cada unha das familias que foron admitidas.

- **ADXUDICACIÓNS DE PRAZAS E LISTA DE AGARDA**

No caso de baixas, se contactará mediante chamada telefónica coas persoas da lista de agarda, seguindo a orde de inscrición.

- **FOLLA DE INSCRIPCIÓN**

<https://drive.google.com/file/d/1oyHOig1CmyG1wDtMDNOTP5hjOPzLQQW9/view?usp=sharing>